



INFORME DA SITUACIÓN DAS PERSOAS PERTENCENTES AO COLECTIVO LGBTI NO ÁMBITO EDUCATIVO E ELABORACIÓN CONXUNTA DUN PROTOCOLO DE ACTUACIÓN PARA EVITAR SITUACIÓNS DE DISCRIMINACIÓN DENTRO DO ÁMBITO EDUCATIVO E PROPOSTAS CURRICULARES

Este informe elaborouse mediante a colaboración das asociacións Avante LGBT+ e Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia no marco do grupo de traballo de Educación e Deporte do Observatorio Galego contra a LGBTIfobia.

Un primeiro borrador do informe foi presentado nunha xuntanza do Grupo de Traballo do 5 de maio de 2023, durante a cal foron recibidas novas achegas que permitiron completar e matizar o texto, e ampliar o listado de medidas propostas.

Preséntase a continuación unha síntese da información trasladada así como as fontes consultadas para dotar de rigorosidade ao informe.

1. De que formas concretas se manifesta a LGBTIfobia dentro do contexto educativo? Que trabas e dificultades atopan as persoas LGBTI no ámbito da educación, incluso sen ser especificamente casos de LGBTIfobia?

A información remitida polas entidades colaboradoras e a bibliografía dispoñible nesta materia indican que a LGBTIfobia se manifesta no ámbito educativo de formas múltiples, e a todos os niveis.

A nivel estrutural maniféstase, segundo os colectivos, na invisibilización ou exclusión da realidade LGBTI de formularios e documentación administrativa, de todo tipo de comunicacións cara as familias, do currículo escolar e das imaxes que ilustran calquera tipo de documento.

A nivel do profesorado, esta LGBTIfobia maniféstase na dificultade de saír do armario por medo a sufrir acoso laboral ou recibir críticas por parte das familias, a falta de apoio por parte do centro, a ausencia de inspeccións educativas que garantan o cumprimento da normativa nesta área, incluídas na lei 4/2023 do 28 de febreiro (Lei trans e LGTBI) no artigo 21. 2, e na falta de formación e de ferramentas adecuadas para educar na diversidade e detectar e combater incidentes LGBTIfóbicos¹².

¹ “Vivencias queer en el aula: Bienestar autopercebido del profesorado LGBT+ gallego” Estudo realizado polas investigadora Ana Amigo Ventureira e Xandre Garrido López no ano 2021, aceptado para publicación no próximo número de Bordón, revista de pedagogía

² “Personal LGTBI+ de los centros educativos y personas aliadas” Estudo realizado pola FELGTB no ano 2022 <https://felgtbi.org/wp->

Neste momento non existe un protocolo específico nin sequera definición no protocolo existente da especificidade do acoso por orientación sexual e identidade de xénero contra o persoal da administración pública en Galicia.

A nivel do alumnado preséntase unha imposibilidade de desenvolver a propia identidade e expresión de xénero de maneira libre e segura. Isto débese ás continuas presións por parte do resto do alumnado así como do propio profesorado para adecuarse ás normas de xénero³. Tamén se manifesta na forma de illamento, soidade, problemas de saúde mental (alta correlación con depresión, trastornos da conduta alimentaria e suicidio), e bullying. Isto tamén está vinculado co abandono escolar⁴.

Por parte da Rede sinálase a invisibilización como o maior reto que enfrontan as persoas LGBTI no eido educativo, tanto por como as afecta directamente en canto a impacto psicolóxico, illamento e carencia de referentes, como porque tamén son invisibles as distintas formas de violencia que sofren a diario, o cal dificulta moito que sexan detectadas e combatidas polas institucións.

2. Traslada os datos cos que conte a túa entidade sobre acoso escolar con cariz LGBTIfóbico, incluído o dirixido a profesorado e outro persoal do centro.

As entidades que colaboraron na recollida de información sinalan a falta de datos específicos neste eido e consideran necesario que se desenvolva un estudo pormenorizado para realizar un diagnóstico adecuado da realidade. En concreto, a Rede Educativa sinala que o feito de non existir un rexistro desta información, ao non constar a LGBTfobia como causa recoñecida no Protocolo Educativo para a Prevención, Detección e Tratamento do Acoso Escolar e Ciberacoso vixente en Galicia, é un dos problemas que levan a que esta realidade se atope invisibilizada.

Avante LGBT+ traslada que o programa Pinto e Maragota do concello de Pontevedra desenvolveu un pequeno estudo sobre esta cuestión, o cal pode servir como diagnóstico preliminar da situación nos centros de ensino galegos⁵.

Entre os datos máis destacados do estudo, atopamos que un 20% das persoas que responderon a se a súa identidade é aceptada polo resto do alumnado contestaron que non, mentres que outro 10% que é aceptada por unha pequena parte. Ao consultar se a súa identidade era aceptada polo profesorado, un 10% sinalou que

[content/uploads/2022/11/INVESTIGACIO%CC%81NEDUCACIO%CC%81N_FELGTBI22.pdf](#)

³ <https://www.farodevigo.es/comarcas/2020/11/08/ies-tui-amenaza-expulsar-alumnos-22559765.html>

⁴ “LGTBifobia en las aulas” estudo elaborado por COGAM no ano 2022 <https://cogam.es/wp-content/uploads/2023/04/LGTBfobia-en-las-Aulas-2022.pdf>

⁵ <https://drive.google.com/file/d/1OxQ9ieRsQ1j0eYIFuwTeBDOMjtYD4Kyz/view?usp=sharing>



non, un 30% que por unha pequena parte do profesorado, e outro 30% que pola maioría do profesorado. Así, só un 30% das persoas enquisadas afirmou que a súa identidade era aceptada por todo o profesorado.

Outros datos preocupantes son os que sinalan que cerca dun 10 % das case 900 persoas enquisadas considera ou ten dúbidas sobre que ser trans sexa unha enfermidade, e ata un 20 % considera ou ten dúbidas sobre se a homosexualidade pode ser curada mediante terapias de conversión.

Das persoas que contestaron á enquisa, un 20% dixo pertencer ao colectivo LGBTIQ+. Entre elas, o 20 % afirmou sentirse excluídas ou discriminadas pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero no seu centro de ensino, e só o 40 % afirma estar fóra do armario, dato que corrobora a problemática da invisibilidade sinalada pola Rede Educativa. Así mesmo, o 25% deste grupo afirma ter sido agredido no contexto do centro, mais cerca da metade das persoas que foron agredidas indicaron que non denunciaron a agresión. Outros estudos, como o de *"LGTBIfobia en las aulas"* elaborado por COGAM, indica porcentaxes incluso maiores de alumnado pertencente ao colectivo, cun 26% identificándose como "non heterosexual".

Porén, as asociacións demandan a realización dun novo estudo que cumpra con estándares científicos na súa metodoloxía para asegurar a representatividade dos datos, poñendo como exemplo o levado a cabo pola federación COGAM no ano 2022 e que a día de hoxe é un dos poucos que existen a nivel estatal en relación ao acoso LGBTIfóbico en centros de ensino⁶.

3. Traslada os datos cos que conte a túa entidade sobre abandono escolar por parte de alumnado LGBTI.

De novo, non se dispón de datos referentes a esta realidade, xa que non existe ningún tipo de rexistro ou estudo que investigue o abandono escolar por parte do colectivo LGBTI.

Sendo así, a pesar de non contar con datos estatísticos, desde a Rede sinalan que por coñecemento empírico saben que o abandono escolar por sufrir LGBTIfobia é unha realidade, e é especialmente grave no caso do alumnado trans. Esta experiencia concorda cos datos recollidos nun estudo elaborado pola FELGTB no ano 2019, no cal se sinala o abandono escolar por motivo de transfobia como un dos condicionantes que caracterizan a situación de exclusión do mundo laboral que se presenta entre persoas trans adultas⁷.

⁶ https://drive.google.com/file/d/1pI_eGUU_2MP5DWfpoOCc5HIKfDhPDSYI/view?usp=share_link

⁷ https://felgtb.org/wp-content/uploads/2020/09/Informe-menores-trans_FELGTB_2019.pdf

4. Conta o profesorado con formación suficiente e adecuada como para detectar e actuar fronte a casos de LGBTIfobia dentro do contexto educativo?

Segundo a información trasladada, o profesorado non conta con esta formación.

Segundo unha investigación realizada no ano 2018, non se está a ofrecer formación sobre atención á diversidade de xénero e orientación sexual nos mestrados de profesorado ofertados no SUG, e o alumnado dos ditos mestrados remata a súa formación con carencias moi preocupantes nesta cuestión. O artigo 24 da Lei 2/2014 pola igualdade LGBTI en Galicia, establece que estes mestrados deben incluír contidos específicos sobre a realidade LGBTI e familias diversas no seu currículo⁸. A nova Lei 4/2023 Trans/LGTBI estatal recolle tamén no artigo 22 a obrigatoriedade desta formación nos mestrados de profesorado.

Segundo a Rede educativa, é necesario que se comece a impartir esta formación, en especial aquela encamiñada a detectar a LGBTIfobia invisible, que é segundo indican a máis común, e como non existe formación en ferramentas de detección, a meirande parte dos casos pasan desapercibidos. Incluso, sinalan, no caso da LGBTIfobia visible como os insultos, moitas veces non se lle da a importancia que ten, minimízase ou relativízase e non é considerada motivo suficiente para intervir.

5. Conta o profesorado con formación suficiente e adecuada como para non reproducir discursos cisheteronormativos e LGBTIfóbicos nas aulas?

De novo, a resposta trasladada polas entidades é "non".

Desde Avante LGBT+ baséanse nunha investigación no marco do programa de doutoramento en Educación da USC para indicar que a formación que se oferta nas universidades galegas segue a sufrir dun nesgo cisheterocentrio, polo que o profesorado reproduce discursos que perpetúan a discriminación do colectivo LGBTI sen ser necesariamente conscientes dado o nivel de normalización dos mesmos. A asociación denuncia que o profesorado pode usar as titorías para falar do importante que é respectar ás compañeiras trans e usar o seu nome e xénero vivido ao falar con elas, para despois na aula de bioloxía explicar de maneira acrítica que o ser humano conta con dous sexos, macho e femia. Así, entre o alumnado formase a idea de que hai que respectar ao alumnado LGBTI porque é o socialmente esperado, ou como un acto caritativo, mais internamente reforzase a idea de que ser LGBTI é anti-científico e non "normal"⁹.

⁸ https://drive.google.com/file/d/1q-mxBj7vLWk4GZW30gOeOUs_pH5pEzT5/view?usp=share_link

⁹ Datos preliminares da Tese de doutoramento de Alexandre Garrido López, mencionados nunhas xornadas organizadas polo Consello da Cultura Galega e o CSIC
https://www.youtube.com/watch?v=0LFMIIX5FV8&ab_channel=ConsellodaCulturaGalega

Desde a Rede Educativa sinálase que o profesorado non contará con estas competencias ata que a formación en diversidade sexo-xenérica e en igualdade non sexa obrigatoria e permanente para todo o profesorado, tanto de Infantil e Primaria, como de Secundaria e Universitario. Para que esa formación sexa suficiente e adecuada debe ademais formar parte da formación académica do profesorado desde a súa etapa universitaria e, ademais, como contidos obrigatorios nas oposicións aos corpos docentes, como ven recollido no artigo 12.2 da Lei 4/2023 Trans/LGTBI.

6. De que maneiras podería beneficiar ao colectivo LGBTI contar con espazos educativos feministas e que celebren a diversidade sexoxenérica?

O profesorado integrante da Rede Educativa ten experiencias directas que poden dar resposta a esta cuestión, xa que unha das iniciativas da entidade é a creación de grupos LGBTI nos centros de ensino nos que poñer ao alumnado en contacto entre si e realizando actividades que visibilicen e promovan a diversidade afectivo-sexual e de xénero. Segundo este profesorado, a resposta do alumnado e a das familias que non son LGBTIfóbicas é moi positiva. Son espazos de liberdade que fan dos centros educativos espazos máis seguros e que funcionan como revulsivo contra o acoso escolar por LGBTIfobia. Nestes espazos o alumnado atopa apoio, comprensión, compañía, seguridade, desenvolve a súa autoestima, a súa axencia persoal e un sentido de pertenza, moitas veces necesario na adolescencia, e que beneficia á súa estabilidade emocional.

7. Cales son os espazos concretos dentro do ámbito educativo nos que se detecta maior LGBTIfobia?

Desde a Rede Educativa trasladan que a LGBTIfobia prevalece, segundo a súa experiencia práctica xa que non existe un rexistro oficial destes incidentes, nos espazos sen presenza do profesorado ou do persoal non docente. Nos corredores, nos aseos, nos vestiarios, no transporte escolar, etc. Neste sentido, consideran que é moi importante que o persoal non docente tamén teña formación para detectar e capacidade para actuar. Para isto, indican, a súa formación tamén debería ser obrigatoria así como a sensibilidade e a conciencia de que debe actuarse nos casos de LGBTIfobia o de calquera outra violencia.

Desde a Dirección Xeral de Xuventude sinálanse as actividades extraescolares como un espazo que tamén pode ser foco de violencia LGBTfóbica e que non debe ser esquecido por non formar parte da estrutura regrada e por acontecer nalgúns casos fóra do centro escolar.

8. Con que recursos conta o profesorado, persoal non docente ou os centros para combater a LGBTIfobia? Que recursos adicionais precisan?

As entidades coinciden en que os recursos son moi limitados. Os de maior uso son o texto da Lei 2/2014 como soporte legal para poder realizar actividades de sensibilización, e o protocolo de identidade de xénero publicado pola Xunta no ano 2016. Ambos os textos son moi limitados na súa aplicación real no contexto educativo, e en especial, segundo Avante LGBT+, o protocolo de identidade de xénero está obsoleto e precisa ser actualizado aplicando unha perspectiva non binarista e centrada na autonomía das crianzas.

Denuncian que os cursos de formación de profesorado en diversidade sexual, de xénero e familiar son cada vez máis escasos, os recursos económicos para facer campañas de sensibilización e formación para o alumnado son tamén moi escasos e pasan por solicitar Contratos-Programa cando deberían ser recursos contemplados nos orzamentos dos centros educativos.

A Rede Educativa sinala que tampouco existen contidos curriculares dirixidos ao alumnado polo que se deixa ao voluntarismo do profesorado a inclusión destes contidos de xeito transversal, que nin sequera é controlado pola Inspección Educativa para que quede reflectido nas programacións didácticas. Deste xeito, o tratamento da realidade LGBTI nos centros educativos segue a ser minoritario, voluntario e non cumpre a normativa reflectida para o ámbito educativo na lei 2/2014 do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia.

Outros recursos que sinalan as entidades como necesarios son a creación dun protocolo fronte ao acoso LGBTIfóbico que inclúa tamén ao profesorado e persoal non docente, así como a realización de inspeccións educativas que aseguren o cumprimento da normativa.

9. Cal é a valoración que facedes de como as institucións afrontan o problema da LGBTIofobia no contexto educativo? Que considerades que deberían facer?

As entidades consideran que as institucións actúan sobre a cuestión de maneira superficial, atendendo ao síntoma e non á causa. Ademais indican que só se actúa tendo en consideración ás crianzas, nunca a LGBTIofobia que exercen ou sofren o profesorado, persoal non docente e familias. Os datos que manexan sinalan que na maioría dos casos a educación inclusiva coa diversidade afectivo-sexual e de xénero depende da boa vontade de profesorado implicado ou da presenza de asociacións LGBTI que instan aos centros a actuar. Na contra, as entidades consideran que deben ser as institucións as que tomen a iniciativa para garantir o benestar de toda a comunidade educativa a nivel autonómico, sen depender de que existan entidades LGBTI con recursos e formación suficientes na área do centro.



Proposta de medidas dirixidas a superar a situación descrita

A Rede Educativa de Apoio LGBTIQ+ de Galicia achega unha serie de propostas que xa trasladara previamente No marco de desenvolvemento da *"Estrategia para la Igualdad de Trato y No Discriminación de las Personas LGTBI y para la Inclusión Social de las Personas Trans"* definida no artigo 10 da Lei 4/2023, do 28 de febreiro. Estas propostas foron combinadas coas trasladadas por Avante LGBT+ e ampliadas en base á realidade descrita nos informes e ampliadas coas achegas do resto de integrantes no grupo de traballo. As propostas están divididas en tres eidos: "Prevención", "Resposta Integral" e "Protección, atención e reparación".

1. PREVENCIÓN

1.1. Sensibilización: deseño e desenvolvemento de campañas dirixidas á comunidade educativa en xeral, traballando as contornas a escala local. O obxectivo das mesmas debe ser a familiarización da comunidade educativa co colectivo LGBTI, eliminando estereotipos e mitos, e a promoción de referentes positivos. Preferentemente, darase visibilidade como referentes a persoas achegadas á comunidade escolar, persoas da localidade ou personaxes en medios audiovisuais que sexan relevantes na súa franxa de idade. Ademais dos contidos, son especialmente relevantes as metodoloxías empregadas para maximizar o efecto das campañas e propiciar a reflexión. Sempre é máis efectivo coñecer a persoas LGBTI en persoa que velas nos medios, e teñen mellores efectos os símbolos permanentes, como un banco arcoiris ou un mural, que os que puntuais como carteis ou decorado polo mes do orgullo.

1.2. Formación de todo o persoal traballador no contexto educativo co fin de garantir un tratamento integral e de calidade da diversidade afectivosexual e de xénero, así como o cumprimento de toda a normativa relativa á mesma.

Con este fin reclámase a inclusión de contidos sobre diversidade sexual, afectiva e familiar na formación de docentes (Educación Infantil, Maxisterio, Mestrados Universitarios en Profesorado, etc.) en todas as universidades. Esta medida xa está recollida na Lei 2/2014 pero non foi implementada de maneira efectiva. Ademais, desde a Rede propoñen que se inclúan dentro do temario obrigatorio para o acceso ao corpo docente, así como unha formación inicial e continua do profesorado obligatoria para todos os ámbitos e niveis educativos (incluído o universitario) contidos en diversidade sexoxenérica, en coeducación e en educación sexual.

Por outra banda, proponse a realización obligatoria de cursos de formación específicos sobre diversidade sexual, familiar e de xénero dirixidos á inspección educativa, aos equipos directivos, aos equipos de orientación, ás titoras e aos

tutores, e ao persoal non docente dos centros, impartidos por persoas expertas.

Desde o Grupo de Traballo propónse establecer un rexistro de persoal docente cualificado para impartir estas formacións, como ocorre no caso das formacións en igualdade de xénero.

1.3. Inclusión da diversidade no currículo escolar. Os colectivos consideran fundamental que se inclúan contidos en diversidade sexual, de identidade de xénero e familiar, así como a coeducación e a educación sexual integral de forma curricular. Sinalan que a transversalidade é insuficiente, ten moitas carencias e non deixa de depender do voluntarismo docente.

Deste xeito, propoñen que no ámbito das súas competencias, as administracións educativas inclúan, nos currículos regrados e na ordenación académica, materias específicas con contidos referentes á diversidade sexual, de identidades e expresións de xénero, diversidade familiar. Ademais, incluíranse de forma transversal en todas as materias, áreas e módulos do currículo, para garantir un mellor coñecemento da realidade. Así mesmo, incluírase, como materia específica, a Educación Sexual Integral en todos os niveis educativos cun enfoque holístico e diverso.

Con este fin, propoñen tamén a elaboración de programas e guías de educación sexual que traten a diversidade sexual, de xénero e familiar. Estes contidos estarán secuenciados por niveis educativos e elaborados baixo criterios estandarizados, de acordo coas recomendacións dos organismos internacionais, desde un punto de vista científico e obxectivo.

1.4. Promoción da produción académica en temática LGBTI e posta en valor da mesma. Con este obxectivo trasládanse propostas como a creación de departamentos universitarios específicos en temática LGBTI e o desenvolvemento de investigacións que busquen analizar a realidade das persoas LGBTI, apoiar o desenvolvemento de investigacións no ámbito non universitario, especialmente aquelas que fagan referencia ao ámbito da poboación infantil e xuvenil, ou articular selos de calidade e/ou recoñecemento para as entidades dedicadas a formar/sensibilizar en diversidade sexual, afectiva e familiar, e á prevención da LGBTIfobia nos espazos educativos.

1.5. Fomentar a cohesión do asociacionismo LGBTI: con este fin propónse a creación de redes de intercambio de experiencias dentro do tecido asociativo que dedica o seu traballo a proxectos educativos. Preténdese así reforzar e visibilizar o traballo comunitario en proxectos de educación non formal e informal.



1.6 Promover a revisión dos libros de texto para evitar imaxes e discursos que promovan estereotipos e nesgos machistas e LGBTIfóbicos.

2. RESPUESTA INTEGRAL

2.1. Compromiso por parte das institucións. Desde os colectivos reclámase un compromiso explícito e continuado no tempo de todas as administracións públicas vinculadas á educación, desde a Consellaría de Educación ata as áreas de educación dos gobernos municipais, co colectivo LGBTI. Estas institucións deben garantir unha formación adecuada e de calidade sobre a diversidade afectivosexual e de xénero entre o seu persoal, e deberán promover sinerxías entre distintas institucións para traballar de maneira coordinada na erradicación da LGBTIfobia.

2.2. Promoción dunha educación sexual integral. Desde os colectivos sinalan que estes contidos deben formar parte de xeito transversal e curricular da formación do alumnado, profesorado, familias e resto de membros da comunidade educativa.

2.3. Garantir na lexislación autonómica educativa o dereito de todo o alumnado para recibir educación en igualdade de xénero, diversidade sexoxenérica e familiar e educación sexual. Impedindo de forma ineludible e efectiva a inxerencia das familias nos devanditos contidos educativos mediante o chamado "PIN PARENTAL".

3. PROTECCIÓN, ATENCIÓN E REPARACIÓN

3.1. Creación de espazos seguros dentro dos Centros Educativos. Desde os colectivos reclaman a creación de espazos dentro dos Centros Educativos para que as persoas da comunidade LGBTI poidan compartir experiencias, impulsar iniciativas propias, etc., e titorías para o alumnado LGBTI, así como dispoñer dun espazo seguro para comunicar as súas preocupacións e evitar o silencio das vítimas de LGBTIfobia. Implementación da figura de persoa "dinamizadora da convivencia" ou "coordinadora do benestar e protección da infancia".

3.2. Converter os Centros Educativos en espazos seguros. Con este fin propóñense diversas medidas, entre as que se inclúe: establecer e normalizar a figura de igualdade e convivencia nos espazos educativos que atenda a cuestións de diversidade sexual, afectiva e familiar; elaborar unha guía para a instalación de baños inclusivos e respectuosos nos centros educativos desde unha perspectiva pedagóxica e legal, e levar a cabo unha experiencia piloto para que sirva de exemplo e sexa referente para outros contextos do Estado; esixir e apoiar a elaboración de protocolos de actuación para a prevención, atención e reparación da LGBTIfobia nos centros educativos, así como guías

accesibles para o persoal docente e a comunidade educativa en xeral; traballar da man de Inspección Educativa na implementación dos devanditos protocolos, apoiando aqueles centros educativos que teñan dificultades para levalos a cabo, como xa se está facendo nalgunhas comunidades autónomas; traballar na creación de patios coeducativos para fomentar unha convivencia inclusiva nestes espazos de recreo infantil e xuvenil, e que vaia acompañado dunha aprendizaxe para a comunidade educativa e un seguimento; e outorgar un distintivo aos centros educativos que fixesen a formación en diversidade sexual e de xénero e con atención ao alumnado trans.

3.3. Formación obrigatoria para o persoal de Servizos Sociais para que saiban acompañar ás familias do alumnado LGBTI.

3.4. Traballar o empoderamento do alumnado LGBTI como axentes políticos para evitar o bullying e a LGBTIfobia.

3.5. Inclusión na documentación oficial dos centros educativos a promoción da igualdade na diversidade e a non discriminación das persoas LGBTI. En especial no Proxecto Educativo de Centro, Plan de Convivencia, Plan de Atención á Diversidade, Plan de Acción Titorial, Plan de Igualdade, Normas de Organización e Funcionamento. Inclusión nos respectivos plans de igualdade, convivencia, de acción titorial, de inclusión e de atención á diversidade, de todas as estratexias pedagóxicas e psicopedagóxicas necesarias para garantir a igualdade na diversidade, a non discriminación cara as persoas LGBTI, así como medidas preventivas, de acompañamento e intervención que dan resposta a posibles casos de vulneración de dereitos ou violencia infrinxida cara este colectivo. Catalogación nos regulamentos de réxime interno ou normas de organización e funcionamento dos centros educativos, así como nos protocolos contra o acoso escolar, de faltas por LGBTIfobia e as medidas disciplinarias a emprender en cada caso, de acordo coa normativa reguladora dos dereitos e deberes das persoas que conforman a comunidade educativa.

3.6. Comunicación, a través dos rexistros de incidencias oficiais, dos casos de acoso ou violencia, física ou virtual, contra as persoas LGBTI detectados nos centros educativos ou na contorna escolar, sen vulnerar o dereito á intimidade e a confidencialidade dos datos.

3.7. Plan contra o acoso laboral, o acoso sexual e a discriminación por LGBTIfobia que contemple a especificidade de situacións que enfronta o profesorado LGBTI.

3.8. Creación dunha asesoría educativa LGBTI á que poidan acudir os profesionais educativos en busca de orientación ou recursos.



3.9 Inclusión da pertenza ao colectivo LGBTI como criterio á hora de conceder bolsas aos estudos, así como establecer bolsas específicas de apoio ao estudo para a continuación de estudos por parte de aquelas que se viran forzadas a abandonalos por mor de acoso LGBTIfóbico, problemas de saúde mental ou falta de apoio familiar.